

PUBLICADAS AS Bases reguladoras das subvencións para PROXECTOS DE INVESTIMENTOS DE ACTIVIDADES NON AGRICOLAS, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria para o período 2018-2019. MR708B.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180129/Anuncio090-271217-0001_gl.html

PRAZO SOLICITUDE: 08/02/2018

PROCEDEMENTO MR708B <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR708B>

PRAZO EXECUTAR E XUSTIFICAR 2018: 17/09/2018

PRAZO EXECUTAR E XUSTIFICAR 2019: 29/06/2019

O obxecto é a de **mellorar, ampliar e/ou modernizar as empresas existentes que desenvolven actividades non agrícolas en zonas rurais, mediante o apoio á adquisición de equipamentos produtivos e a execución de obras necesarias para a súa instalación**, co fin de reforzar o tecido empresarial no territorio rural galego e mellorar a súa competitividade, inducir á xeración de novos empregos, consolidar os existentes e, en última instancia, dinamizar a economía dos territorios rurais. As axudas consisten en subvencións directas de capital.

BENEFICIARI@S:

a) As microempresas e as pequenas empresas situadas en zonas rurais e constituídas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018.

b) Persoas físicas que residan nunha zona rural.

c) **Titulares dunha explotación agraria, ou membros da súa unidade familiar, que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e que desenvolvan o seu proxecto na propia explotación.**

PROXECTOS SUBVENCIONABLES

Serán subvencionables os proxectos destinados á **ampliación e/ou modernización de pequenas empresas que desenvolven actividades non agrarias nos seguintes sectores e ámbitos de actividade:**

- a) Industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais.
- b) Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios
- c) Prestación de servizos en calquera sector económico, **con exclusión das empresas de servizos de maquinaria agrícola e forestal e das empresas de servizos enerxéticos.**
- d) Prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, granxas-escola...).
- e) Actividades de ocio, recreativas e deportivas.
- f) Artesanía e actividades artesanais.
- g) Actividades baseadas na innovación tecnolóxica e no comercio electrónico.
- h) Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial e veterinaria.**
- i) Comercio polo miúdo de produtos non incluídos no anexo I do TFUE.

f) O investimento proxectado deberá mellorar o rendemento global da empresa solicitante. Para estes efectos, deberá acadar algún dos seguintes obxectivos:

– Aumentar a competitividade da empresa.– Reducir os custos.– Aumentar o valor engadido.– Reducir o impacto ambiental.– Mellorar a rastrexabilidade e seguridade das producións.– Diversificar as producións e/ou os mercados.– Mellorar a calidade das producións.– Implantar novos produtos, procesos ou tecnoloxías.– Mellorar a comercialización das producións.

Investimentos subvencionables

- a) Compra de maquinaria e equipamentos novos afectos á actividade empresarial, e que sexan necesarios para o seu desenvolvemento.
- b) Execución de obras e/ou instalacións encamiñadas á mellora ou ampliación de edificacións existentes na empresa que sexan necesarias para a instalación e funcionamento da maquinaria adquirida.

O importe máximo subvencionable para este concepto non superará o 50 % do total dos gastos subvencionables, ata o límite de 100.000 €.

Intensidade da axuda

A axuda será do 45 % dos gastos subvencionables.